

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 30 de maio de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación da actividade de lavado de vehículos e cambio de pneumáticos na rúa Lamas de Prado, número 44-baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural de Xuíz Sur, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa; para rehabilitación de edificación de planta baixa de uso de almacén vinculado a local destinado a uso de sala reunión, sito no patio do número 10 da rúa Norias; para modificación da licenza 317/09 de construción de edificio, consistente na redución de planta soto e planta baixa por adaptación da edificación ao soar, con eliminación dunha praza de aparcadoiro, ampliación da vivenda D da quinta planta con dúplex en baixo cuberta e modificación da distribución de rochos nesta planta, sendo a localización da obra rúa Illa Coelleira, parcela 4, Unidade de Actuación S-2; para modificación de fachadas en local de planta baixa en edificio sito na rúa San Pedro, número 10; para substitución de cuberta e restauración de fachadas no edificio sito na rúa Vía Romana, número 2; para reforma integral de local de planta baixa no edificio sito na rúa San Marcos, número 29; para a construción de piscina exterior e vestiarios anexos á vivenda unifamiliar con licenza anterior número 895/09, sita no núcleo rural tradicional de cuco, parroquia de Castro (Santo André) e para legalización e ampliación de recheo de predio rústico para implantación de pradería no polígono 420, parcela 92, sita en Nagoa, parroquia de Pedreda.

Así mesmo, acordase a concesión da licenza de primeira utilización para unha vivenda unifamiliar sita no polígono de Augas Férreas, parcela L-2A, con licenza de obra número 207/1998.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por unha contratada laboral temporal no Fogar do Transeúnte e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a formación dun contrato laboral fixo dun Oficial Carpinteiro do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para a rehabilitación de vivenda unifamiliar en edificio tradicional (con ampliación de volume en altura) e un alpendre, sitos no núcleo rural tradicional de Mouriz, parroquia de Benade.

Así mesmo, acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 21 de marzo de 2012, xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para rehabilitación de edificio con ampliación dunha planta, para uso administrativo, en solo urbano na rúa Armanyá, 18, por importe total de 4.462,99 €, por mor da supresión do soto na licenza de construción e a consecuente modificación do presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación da modificación da cláusula 6ª do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a Empresa Autobuses Urbanos Lugo, S.A., para a determinación das condicións de compensación tarifas e obrigas asociadas ás mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Lugo”.

Lugo, 6 de xuño de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García